DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Referencia: FOIE / 2027
Expediente convocatoria: 2026000028036

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E SOCIOSANITARIOS NO ANO 2027 (FOIE / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais e sociosanitarios no ano 2027", e vistos os informes do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais e sociosanitarios no ano 2027", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de servizos sociais e sociosanitarios no ano 2027", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o

investimento de servizos sociais e sociosanitarios no ano 2027, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS E SOCIOSANITARIOS NO ANO 2027 (FOIE/2027)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade
Sección	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para investimento de servizos sociais e sociosanitarios no ano 2027
Entidades beneficiarias	Entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais que acrediten que as actividades e/ou investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.
Programa	FOIE/2027
Aplicación orzamentaria	0611/231.21/781
Importe da convocatoria	1.000.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 200.000 €, mínimo 750 €.
Importe da subvención que se vai conceder	Ata 60.000 euros. Outras limitacións: - No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-C o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 80.000 € - No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-P o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 60.000 €.
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Variable do 0,20 ao 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Exposición de motivos

**RPT-21603607

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 2º: Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

O obxecto deste programa é financiar os investimentos realizados polas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito dos servizos sociais na provincia da Coruña, tanto os destinados aos centros nos que prestan os seus servizos como os directamente vinculados á execución de programas, servizos ou actividades de carácter social.

Os investimentos subvencionables poderán comprender a realización de obras e outras

**RPT-21603607

actuacións sobre bens inmobles, así como a adquisición e instalación de equipamentos e outros bens de carácter inventariable, nos termos e coas condicións establecidas nestas bases.

No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade debe contar con financiamento suficiente para finalizar a dita fase.

En todo caso, os investimentos deberán estar directamente vinculados á prestación de servizos sociais ou ao desenvolvemento de programas, servizos ou actividades de carácter social, responder ás necesidades da entidade e das persoas destinatarias e resultar adecuados á finalidade para a que se solicita a subvención.

Poderán ser obxecto de subvención os programas, actividades, servizos e prestacións correspondentes ás áreas de intervención e aos códigos recollidos na seguinte táboa:

CENTROS E PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS

ÁREA DE FAMILIA, INFANCIA E MOCIDADE **EF-1** Centros de menores **EF-2** Centros de atención á infancia **EF-3** Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social
ÁREA DE PERSOAS MAIORES **EP-1** Residencias **EP-2** Fogares residenciais **EP-3** Centros de atención diúrna e/ou nocturna **EP-4** Vivendas comunitarias **EP-5** Apartamentos tutelados

ÁREA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ED-1 Centros residenciais

ED-2 Centros de día

ED-3 Centros ocupacionais

ED-4 Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro)

ED-5 Vivendas comunitarias

ED-6 Apartamentos tutelados

ED-7 Transporte adaptado

ED-8 Eliminación de barreiras

ED-9 Programas de rehabilitación

ED-10 Respiro familiar

ED-11 Programas de activación socio-laboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidas a traballar competencias persoais e/ou técnicas

ED-12 Programas de inserción laboral que conten con accións prelaborais de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

ED-13 Programas de apoio para a o exercicio da capacidade xurídica

ÁREA DE MINORÍAS ÉTNICAS E INMIGRACIÓN

EOM-1 Programas de formación prelaboral para o emprego

EOM-2 Programas de activación sociolaboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

EOM-3 Programas de inserción laboral que conten con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

EOM-4 Programas de apoio á integración social

ÁREA DE INCLUSIÓN SOCIAL

EOR-1 Banco de alimentos

EOR-2 Albergues

EOR-3 Centros de acollida e inclusión

EOR-4 Comedores sociais

EOR-5 Centros de atención social continuada

EOR-6 Centros de día de inclusión social

EOR-7 Programas de activación socio-laboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

EOR-8 Programas de inserción laboral que conten con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

CENTROS E PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS

ÁREA DE CONDUTAS ADITIVAS (CON OU SEN SUBSTANCIA)

EOT-1 Unidades de día

EOT-2 Unidades asistenciais

EOT-3 Comunidades terapéuticas

EOT-4 Vivendas de apoio

EOT-5 Centros especializados en tratamento do alcoholismo

EOT-6 Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social

EOT-7 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias

EOT-8 Programas de activación socio-laboral para o acompañamento e mellora da empregabilidade, dirixidos a traballar competencias persoais e/ou técnicas

EOT-9 Programas de inserción laboral que conten con accións prelaborais, de capacitación e acompañamento a través de procesos de intermediación e seguimento

ÁREA DE SAÚDE MENTAL

ESM-1 Centros de rehabilitación psicosocial e laboral

Nos programas orientados a inserción social e/ou laboral, as persoas destinatarias destas

accións deberán reunir polo menos unha ou máis das condicións recollidas no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programas recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación do dito servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

2.2 Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2027 e o 31 de decembro de 2027**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2028**.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2027 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2027, con data límite para expedir os xustificantes do 15 de abril de 2028**.

2.3 Finalidade

O obxectivo da convocatoria é apoiar ás entidades sen ánimo de lucro na realización de investimentos (obras e/ou equipamento) para a mellora de servizos, programas e/ou actividades en materia de servizos sociais ou sociosanitarios.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen ánimo de lucro que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran os requisitos destas bases e os establecidos na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña no momento de presentaren as solicitudes.

3.1 Requisitos das entidades solicitantes

- As entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidade de iniciativa social, excepto os centros especiais de emprego que deberán estar inscritos no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.

- Ademais os bancos de alimentos deberán formar parte da Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL).

3.2 Requisitos dos centros que se atopen en funcionamento

Ademais, segundo a tipoloxía do centro para o que se solicite a subvención, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Centros de servizos sociais: deberán constar inscritos e autorizados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) con permiso definitivo, a excepción dos centros especiais de emprego
- Centros sociosanitarios: deberán estar inscritos e autorizados no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios de Galicia.

3.2.1 Autorización previa

Cando o investimento se destine á modificación substancial dun centro existente, a entidade deberá contar coa correspondente autorización previa da Xunta de Galicia ou tela solicitado antes do fin do prazo de presentación de solicitudes da subvención.

En todo caso, a autorización deberá acreditarse no momento da xustificación da subvención.

No caso de reformas, obras ou melloras en centros xa autorizados que non teñan a consideración de modificación substancial, a entidade deberá cumprir as obrigas de comunicación ou autorización que resulten exixibles conforme á normativa sectorial aplicable.

3.2.2 Inicio de actividades

Así mesmo, cando unha modificación substancial dun centro existente requira unha nova autorización de inicio de actividades, esta deberá ser igualmente obtida pola entidade beneficiaria.

Nestes supostos, a autorización de inicio de actividades deberá acreditarse no momento da xustificación da subvención ou, de non estar aínda concedida nese momento, no prazo máximo dun ano desde o pagamento da subvención.

A falta de acreditación da autorización de inicio de actividades no prazo establecido dará lugar ao reintegro da subvención percibida.

3.3 Requisitos para a creación ou construción de novos centros

3.3.1 Autorización previa

Cando o investimento se destine á construción ou creación dun novo centro de servizos sociais, a entidade deberá contar coa correspondente autorización previa da Xunta de Galicia ou tela solicitado antes do fin do prazo de presentación de solicitudes da subvención.

Exceptúanse desta obriga aquelas entidades que soliciten subvención para adquisición de bens inmobles destinados á creación dun novo centro.

En todo caso, a autorización previa para construción ou modificación substancial dun centro deberá acreditarse no momento da xustificación da subvención.

3.3.2 Autorización de inicio de actividades

Cando o investimento subvencionado se destine á creación dun novo centro, a entidade deberá obter a correspondente autorización de inicio de actividades unha vez executadas as actuacións necesarias para a súa posta en funcionamento.

Nestes supostos, a autorización de inicio de actividades deberá acreditarse no momento da xustificación da subvención ou, de non estar aínda concedida nese momento, no prazo máximo dun ano desde o pagamento da subvención.

A falta de acreditación da autorización de inicio de actividades no prazo establecido dará lugar ao reintegro da subvención percibida

3.4 Requisitos do persoal que desenvolva as actividades

- No caso de que algunha das actividades realizadas implicase contacto habitual con persoas con discapacidade ou en situación de dependencia no ámbito dos apoios e dos coidados, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade sexual, trata de seres humanos ou violencia doméstica e de xénero, mediante as certificacións negativas dos rexistros correspondentes.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1 Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

Conta	Descrición da conta
206	Aplicacións informáticas
211	Construcións
213	Maquinaria

214	Ferramenta
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
219	Outro inmobilizado material

4.2 Gastos excluídos

- Gastos referidos a obras ou equipamentos que non sexan susceptibles de uso.
- Gastos que formen parte dunha obra ou fase de obra e cuxo orzamento (da obra completa ou fase a que correspondan) supere os 200.000 €. Este requisito comprobarase na xustificación da subvención, tendo en conta as licenzas ou permisos pertinentes e o proxecto ou memoria técnica.
- Aqueles conceptos de gasto que xa fosen subvencionados en calquera das convocatorias anteriores que se indican a continuación, aínda que finalmente non se executasen:
    - Equipamentos: en calquera das dúas convocatorias anteriores do programa.
    - Obras: en calquera das cinco convocatorias anteriores do programa.

  Exceptúanse desta limitación os conceptos de gasto que, tendo sido efectivamente executados, se volvan solicitar nesta convocatoria por causa de forza maior ou por ampliacións debidamente xustificadas dos investimentos previamente financiados. En ambos os supostos, a circunstancia alegada deberá quedar debidamente acreditada no expediente e contar cun informe favorable do persoal técnico competente en materia de servizos sociais.

- Investimentos nas sedes sociais das entidades onde non se desenvolvan os programas subvencionados e centros non contemplados dentro dos códigos da convocatoria.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña, excepto cos seguintes programas:

- FOAXE-P: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais e sociosanitarios, sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados nas convocatorias.

  No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-P o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 60.000 €.
- FOAXE-C: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de centros de servizos sociais e sociosanitarios, sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados nas convocatorias.

  No caso de solicitar unha petición na convocatoria FOAXE-C o máximo conxunto a conceder non poderá ser superior a 80.000 €

- FOIEV: Programa de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a mellora dos servizos e programas en materia de servizos sociais e sociosanitarios para a adquisición de vehículos.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

6.1 Forma da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só unha persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicando código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: EF-1 Centros de menores "ABRENTE"). De non ser así, poderá modificalas de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

6.2 Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.3 Datos persoais

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Poñer en marcha e desenvolver efectivamente a actividade, servizo ou prestación que fundamentou a concesión da subvención, unha vez rematado o investimento e obtidas, de ser o caso, as correspondentes licenzas e/ou autorizacións, con independencia do período de adscrición obrigatoria dos bens ao fin para o que se concedeu a subvención.

7.2 Obter e manter vixentes, cando resulten preceptivas, todas as licenzas, autorizacións e demais títulos habilitantes necesarios para a execución da actuación subvencionada, garantindo en todo caso o cumprimento da normativa urbanística, así como da normativa aplicable en materia de protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ambiente.

7.3 Facer constar a colaboración da Deputación da Coruña na información gráfica ou audiovisual relativa á persoa beneficiaria e as súas actividades.

Para dar por cumprida esta obriga a entidade deberá acreditar graficamente no momento da xustificación a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña a través das seguintes canles:

- **Na páxina web ou nunha rede social.** No caso de que a entidade non dispoña destas deberá facelo constar na xustificación da subvención.

- Deberán colocar un rótulo ou placa co logotipo da Deputación da Coruña nun lugar suficientemente visible do inmoble ou instalación onde se executen as obras ou ao que se destinen os equipamentos adquiridos. O rótulo ou placa deberá permanecer colocado durante un prazo mínimo de cinco anos, contados desde a finalización das obras, no caso de investimentos en obras, e de dous anos, contados desde a recepción dos equipamentos, no caso de investimentos en equipamento.

As obrigas de difusión do apoio da Deputación entenderanse desde a data de concesión ata a finalización do período de adscrición obrigatoria do ben á finalidade da subvención.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da presidencia.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

Reformulación: Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención. No entanto, cando a entidade beneficiaria considere que non pode realizar a totalidade dos investimentos que figuraban no seu orzamento inicial, poderá reformular a súa solicitude retirando estes do orzamento co obxecto de poder solicitar o seu financiamento en futuras convocatorias. Esta reformulación suporá un novo cálculo da achega provincial tendo en conta a redución do orzamento

A entidade poderá solicitar a reformulación dentro do prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións. Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación solicitada e manteranse as condicións de concesión da subvención. No seu caso, minorarase o importe que corresponda. Calquera cambio que se aprobe reflectirase no apartado de datos económicos do expediente de solicitude.

Cambio de conceptos de gasto soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.

En canto ao cambio de **lugar de realización** da actividade, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Todos estes cambios deberán contar co informe favorable do persoal técnico da unidade tramitadora do expediente.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes, o baremo e puntuación destas, nomearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria que non teñan relación con ningunha das entidades solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A composición da comisión técnica aprobarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A valoración da solicitude farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos” onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma SUBTEL.

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificados axeitadamente na propia solicitude da entidade.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos do proxecto, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

8.2.a VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: Ata 55 puntos

A. Porcentaxe de financiamento solicitado. (Cociente entre a achega solicitada e o orzamento para o que se solicita financiamento por cen).	**Ata 10 puntos**
Entre 60% e 69,99 %:	**2 puntos**
Entre 50% e 59,99 %:	**4 puntos**

Entre 40% e 49,99 %:	**6 puntos**
Entre 30% e 39,99 %:	**8 puntos**
Menos de 30%:	**10 puntos**
B. Antigüidade da entidade desde a súa constitución Para computar os anos terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.	**Ata 5 puntos**
De 10 a 20 anos	**1 puntos**
De 21 a 30 anos	**3 puntos**
Máis de 30 anos	**5 puntos**
C. Calidade da entidade	**Ata 7 puntos**
Por contar cunha declaración expresa de utilidade pública, recoñecida polo órgano competente de conformidade coa normativa que resulte de aplicación. *A entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación (DÍA/MES/ANO).*	**2 puntos**
Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude.	**3 puntos**
Por contar con premios e/ou recoñecementos outorgados por administracións públicas (nos últimos 10 anos) *Valoraranse os premios ou recoñecementos concedidos á entidade pola súa traxectoria ou polo desenvolvemento de programas no ámbito dos servizos sociais ou sociosanitarios, sempre que fosen outorgados por unha administración pública mediante xurado integrado por persoas expertas ou a través dunha declaración ou recoñecemento oficial de carácter institucional.* *Non se valorarán os premios ou recoñecementos de carácter persoal concedidos a membros dos órganos de goberno ou representación da entidade, aínda que estean relacionados coa actividade desenvolvida por esta.*	**2 puntos**
D. Estabilidade e continuidade, anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención Para computar os anos terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.	**Ata 6 puntos**
De 1 a 5 anos	**2 punto**

**RPT-21603607

De 6 a 15 anos	**4 puntos**
Máis de 15 anos	**6 puntos**
E. Tipoloxía do concello Segundo a caracterización de áreas sociais para a planificación das dotacións de servizos sociais comunitarios, que figuran no Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento	**Ata 8 puntos**
Rural	**8 puntos**
Semiurbano	**6 puntos**
Metropolitano	**2 puntos**
F. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado - Para valorar estes apartados deberase especificar cada un dos concellos. Non se valorará outro tipo de referencias xenéricas (comarca, provincia, etc.)	**Ata 7 puntos**
Proceden de dous concellos	**2 puntos**
Proceden de entre tres e cinco concellos	**5 puntos**
Proceden de máis de cinco concellos	**7 puntos**
G.Concellos nos que se presta o programa solicitado - Para valorar estes apartados deberase especificar cada un dos concellos. Non se valorará outro tipo de referencias xenéricas (comarca, provincia, etc.)	**Ata 5 puntos**
Préstase en dous concellos.	**1 punto**
Préstase entre tres e cinco concellos.	**3 puntos**
Préstase en máis de cinco concellos.	**5 puntos**
H. Emprego da lingua galega	**Ata 7 puntos**
Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego.	**2 puntos**
Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade	**2 puntos**
Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, Facebook,Instagram, X...).	**3 puntos**

8.2.b VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 45 puntos*, a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos***:**

Obxectivos : Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás	**Ata 7 puntos**

necesidades das persoas usuarias e accións programadas para cumprir obxectivos concretos.	
Metodoloxía : Pola definición das ferramentas, técnicas, e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar.	**Ata 6 puntos**
Avaliación: Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir obxectivos concretos, ferramentas e instrumentos de avaliación.	**Ata 6 puntos**
Coordinación: Coordinación (interna e externa, con outras entidades de iniciativa social, servizos sociais municipais e/ou con outras administracións a nivel supramunicipal)	**Ata 5 puntos**
Recursos materiais e técnicos e recursos humanos Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, blog, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc. e contar con persoal especializado en número suficiente para realizar o servizo e/ou actividade.	**Ata 5 puntos**
Transversalidade de xénero Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas. Terase en conta para a valoración as accións previstas a maiores dos requisitos obrigatorios en materia de transversalidade recollidos no artigo 6.1 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.	**Ata 4 puntos**
Calidade técnica: Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, etc.	**Ata 12 puntos**

8.3 Criterio corrector da puntuación

Ás entidades solicitantes que, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dispoñan dun local cedido pola Deputación Provincial da Coruña para o desenvolvemento das actividades ou servizos vinculados ao centro para o que se solicita a subvención, descontaránselles 3 puntos da puntuación total obtida conforme aos criterios de valoración anteriores.

8.4 Causas de exclusión

A comisión técnica poderá propoñer a exclusión de solicitudes, de forma argumentada, por inadecuación á finalidade e obxecto desta convocatoria ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

Base 9. Xustificación e pago

9.1 Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2028**, ás 14:00 horas.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga, o prazo para a xustificación das subvencións rematará o **15 de abril de 2028**, ás 14:00 h.

Base 10. Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada (sen que isto exclúa a posibilidade de utilizaren tamén

outras linguas), e a dar cumprimento ás obrigas establecidas nas bases reguladoras en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recoller datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases reguladoras.

- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con persoas con discapacidade ou en situación de dependencia no ámbito dos apoios e dos coidados, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade sexual, trata de seres humanos ou violencia doméstica e de xénero, mediante as certificacións negativas dos rexistros correspondentes.

- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.

- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.

- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintas empresas provedoras, no caso de que contrate cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) no caso de equipamentos ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e a seleccionar un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- A entidade que represento comprométese a levar a contabilidade e a arquivar e conservar a documentación xustificativa segundo o disposto nos artigos 6.3 e 6.4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a facer un **seguimento contable específico** dos gastos e recursos específicos ou afectados do investimento para a que se solicita subvención e a engadir unha **nota específica na Memoria das Contas anuai**s, na que se debullen os recursos aplicados a cada unha das actividades realizadas (no caso de que realicen varias)
- A entidade que represento está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidade de iniciativa social ou no caso dos centros especiais de emprego no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.

- No seu caso, declaro que a entidade que represento forma parte da Federación

Española de Bancos de Alimentos (FESBAL).

- No seu caso, declaro que o centro cumpre cos requisitos de inscrición e autorización que resulten exixibles conforme á normativa sectorial aplicable e comprométese a obter, acreditar ou comunicar, nos prazos establecidos nas bases, as autorizacións previas, de modificación substancial e de inicio de actividades que, en función da natureza do centro e da actuación subvencionada, resulten preceptivas.

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles e construcións ou de dous anos no caso de bens inventariables.

- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio, cando sexa necesario.

- A entidade que represento non solicitou o mesmo tipo de investimento nas dúas convocatorias anteriores de FOIE no caso de equipamentos ou nas cinco últimas convocatorias no caso de obras; ou financiou o mesmo tipo de investimento en convocatorias anteriores de FOIE pero existe causa de forza maior ou motivo que xustifica a ampliación do investimento (deberá achegarse o documento aclaratorio que figura no ANEXO A).

- No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase.

- Declaro que o orzamento da solicitude non se corresponde a unha parte dunha obra ou fase de obra cuxo orzamento supera 200.000 €.

- A entidade que represento comprométese á posta en marcha do servizo e/ou prestación ao que vai destinado o investimento unha vez rematado este e de ter obtido, de ser necesarias, as correspondentes licenzas e/ou permisos.

Documentos:

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos e, no seu caso, número de persoas asociadas.

- Proxecto descritivo xeral da actividade que se vai realizar.

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente, no caso de non telos presentados en exercicios anteriores.

- Solicitude da autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo).
- **Documento aclaratorio das causas de forza maior ou ampliación dos investimentos** que xustifique a solicitude de investimentos xa solicitados en

anteriores convocatorias (dúas convocatorias anteriores no caso de equipamentos ou cinco anteriores no caso de obras).

- Acreditación da autorización previa da Xunta de Galicia para a construción/creación ou modificación substancial de centros ou acreditación de tela solicitada, no seu caso.

- Tres ofertas de distintas empresas provedoras cando o gasto fora superior a 15.000 € (IVE excluído) pola adquisición de equipamento ou 40.000 € (IVE excluído) pola realización de obras. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.

- **Documentación adicional no caso de que os investimentos se realicen por fases:** No caso de que os investimentos se realizaran por fases, deberán achegar un **programa da súa execución** onde se indique o número total de fases das que consta o proxecto coas prestacións que se van realizar en cada unha delas, as fases xa realizadas, as que quedan por realizar, e a fase para a que se solicita a subvención. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.

- **Documentación adicional no caso de obras:**

    - Declaración do dereito real que se posúa sobre o ben inmoble: (propiedade, arrendamento ou cesión con especificación do prazo de vixencia,etc.
    - No caso de que a entidade solicitante non sexa a propietaria do inmoble, autorización expresa da persoa titular para a realización das obras ou actuacións previstas acompañada da súa conformidade respecto das obrigas derivadas da subvención, en particular as relativas ao destino do ben durante o período de adscrición establecido.

    - Proxecto técnico de obra ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran. Poderá aportarse no momento da xustificación da subvención.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases reguladoras.

- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con

menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

- No caso de que algunha das actividades realizadas implicase contacto habitual con persoas con discapacidade ou en situación de dependencia no ámbito dos apoios e dos coidados, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade sexual, trata de seres humanos ou violencia doméstica e de xénero, mediante as certificacións negativas dos rexistros correspondentes.

- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases reguladoras ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: a entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: a entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (esta declaración suporá unha REDUCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

- Declaro que a entidade posúe a autorización da Xunta de Galicia para o funcionamento do centro, servizo e/ou programa obxecto da solicitude, nos supostos previstos na base 3 das bases reguladoras ou, se é o caso, que se comprobou que a entidade subcontratada que executará o programa ou servizo conta coa dita autorización.

  No caso de que a achega se destine á construción ou creación dun novo centro ou a unha modificación substancial dun centro existente que requira unha nova autorización de inicio de actividades, a entidade comprométese a acreditala no prazo máximo dun ano desde o pagamento da subvención. A falta de acreditación no prazo establecido dará lugar ao reintegro da subvención percibida.

- Declaro que a entidade que represento obtivo as licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ou, pola contra, que para as actuacións realizadas non era necesaria a obtención das mesmas

- Declaro responsablemente que a entidade que represento adscribiu o ben á finalidade pública para a que se concedeu a subvención por, cando menos, un prazo de cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público (inmobles) ou un prazo de dous anos para o resto de bens.

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.

- Memoria xustificativa.

- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTEL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos realizados con cargo á subvención no apartado correspondente da xustificación.

  No rexistro dos gastos realizados figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais e se achegará a factura ou, no seu caso, escritura pública de compraventa

- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.

- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

- Probas documenta**is** dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega.

- No caso de que contratase cunha mesma empresa provedora equipamentos por importe superior a 15.000 € (IVE excluído), ou obras por importe superior a 40.000 € (IVE excluído) Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.

- Licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.

- Acreditación da autorización para a construción/creación ou modificación substancial de centros correspondentes, ás que se refire a Base 3, no caso de non telo acreditado na solicitude.

- No caso de bens inscribibles nun rexistro público, acreditación da inscrición no rexistro correspondente no que conste o período de adscrición obrigatoria do ben á finalidade da subvención, o importe da subvención concedida e a afectación do ben ao pagamento do reintegro, no caso de incumprimento da obriga de destino.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación adicional no caso de equipamentos:

  - Certificación da súa recepción, na que se detallen os bens adquiridos e se indique que se incluíron no inventario da entidade.

Documentación adicional no caso de obras:

- Acta de recepción da obra/ fase completa, identificando as obras realizadas.
- Fotografía da obra, a ser posible con imaxes do estado no que se atopaba e imaxes do estado actual.
- Proxecto técnico ou memoria valorada, cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.

Documentación adicional no caso de adquisición de inmobles:

- Informe de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

*Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria**:***

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades sen ánimo de lucro que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran os requisitos destas bases e os establecidos na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña no momento de presentaren as solicitudes.

Segundo. Obxecto

O obxecto deste programa é financiar os investimentos realizados polas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito dos servizos sociais na provincia da Coruña, tanto os destinados aos centros nos que prestan os seus servizos como os directamente vinculados á execución de programas, servizos ou actividades de carácter social. Os investimentos subvencionables poderán comprender a realización de obras e outras actuacións sobre bens inmobles, así como a adquisición e instalación de equipamentos e outros bens de carácter inventariable, nos termos e coas condicións establecidas nestas bases.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 1.000.000 €, con cargo á partida 0611/231.21/781 do Orzamento ordinario para 2027. As axudas para conceder terán un máximo de 60.000 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 20 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Podrán solicitar las subvenciones de este programa las entidades sin ánimo de lucro que acrediten que las inversiones objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta provincia y que cumplan los requisitos establecidos en estas bases y en la Ordenanza General de Subvenciones y Transferencias de la Diputación de A Coruña en el momento de presentar las solicitudes.

Segundo. Objeto

El objeto de este programa es financiar las inversiones realizadas por las entidades de iniciativa social

**RPT-21603607

sin ánimo de lucro para el desarrollo de sus actuaciones en el ámbito de los servicios sociales en la provincia de A Coruña, tanto las destinadas a los centros en los que prestan sus servicios como las directamente vinculadas a la ejecución de programas, servicios o actividades de carácter social. Las inversiones subvencionables podrán comprender la realización de obras y otras actuaciones sobre bienes inmuebles, así como la adquisición e instalación de equipamientos y otros bienes de carácter inventariable, en los términos y con las condiciones establecidas en estas bases.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 1.000.000 €, con cargo a la partida 0611/231.21/781 del Presupuesto ordinario para 2027. Las ayudas que se concedan tendrán un importe máximo de 60.000 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 20 de noviembre de 2026, y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria se realizarán por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña.